

Carta aos lectores

O presidente de Cuba, Raúl Castro, cumpriu o seu primeiro lustro á fronte do país intentando “actualizar” o socialismo. No VI Congreso do Partido Comunista cubano asumiu o cargo de primeiro secretario en substitución de Fidel, completando así o traspaso de poderes iniciado en 2006. Nos últimos meses, o discurso e as medidas de Raúl, aprobadas “por unanimidade” nos foros precisos, claman contra o inmovilismo e os dogmas, pero as resistencias de sectores conservadores e as inercias de 52 anos de “revolución”, dificultan o obxectivo da apertura á iniciativa privada, auténtico cerne primeiro da “actualización” en curso. Reflexionamos á volta destas cuestións con miradas diversas centradas na economía e no social (**Luiz Bernardo Pericás, Julio A. Díaz Vázquez e Armando Nova González**), complementadas con achegas respecto a actores externos de indubidable influencia na súa evolución (**Chris J. Dolan e Diane Johnson, e Xu Sicheng**).

O segundo tema deste número de *Tempo exterior* presta atención á secuencia vivida no mundo árabe (**Ignacio Gutiérrez de Terán, Teresa Maciá Cid e José Abu-Tarbush**), inmerso aínda en transformacións de resultado incerto, con expresións desiguais e acompañamentos exteriores marcados pola importancia estratéxica da rexión. Prestamos atención igualmente a algúns aspectos de natureza xeopolítica que afectan a un asunto central da política chinesa, caso do Tibete (**Vera Ríos Carrillo**) e tamén aos contornos que salientan esa crecente presenza do xigante asiático na América Latina (**Liska Gálvez**) abrindo oportunidades para unha cooperación Sur-Sur, contemplada aínda nas súas primeiras formulacións. Por último, a posta en marcha en Galicia de novas iniciativas en materia de internacionalización empresarial suxiren dúas reflexións (**Martín Ignacio Prieto e Antonio Fontenla Ramil**) acerca deste aspecto, tan relevante en tempos de crise como os que vivimos.

Este exemplar de *Tempo exterior* pecha cronoloxicamente o vixésimo aniversario do IGADI, unha efeméride que nos permitiu reflexionar novamente sobre a nosa identidade e o noso futuro, reafirmando a vontade de servizo público e de compromiso co noso país e a súa universalización. Coa renovación e alargamento do noso Consello Reitor (coas incorporacións de **María Xosé Agra Romero, Emilio M. Martínez Rivas, Manuel Blanco González, María Xosé Porteiro García, Xosé Luís Franco Grande e Ignacio Ramonet**) aspiramos a seguir conformando ese espazo plural e independente capaz de achegar ideas e ideais para sermos nós no mundo.

O maior desafío para o futuro consiste no logro dunha maior implicación social, un maior alargamento das capacidades da transversalización da importancia do factor exterior no conxunto do noso tecido social, moi lastrado por un afán de supervivencia que, non obstante, segue prestando escasa atención á dimensión exterior como variable esencial para ampliar horizontes. Mesmo na crise e pese aos discursos que reivindican a internacionalización como estratexia de saída, a acción exterior no seu conxunto amosa síntomas a todas luces deprimentes.

O director